

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE MAIO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día catro de maio de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Maria Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 27 de abril de 2021 e sesión extraordinaria e urxente do día 29 de abril de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 22 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. Figura o Concello de

Cambre: Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico cun total de subvención de 1.937,78 euros. Programa B. Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas cun total subvención de 3.241,87 euros. (Diario Oficial de Galicia número 81 do día 30 de abril de 2021).

- Resolución do 26 de abril de 2021, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. (Diario Oficial de Galicia número 82 do día 3 de maio de 2021).

- Decreto 73/2021, do 30 de abril, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 81-bis do día 30 de abril de 2021).

- Orde do 30 de abril de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 81-bis do día 30 de abril de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 29 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 546/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 608/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
546/2021	23-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de abril de 2021
547/2021	23-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 4.108,71 €
548/2021	23-04-2021	Aprobar a nómina mes de abril de 2021 por un importe bruto de 381.198,57 euros
549/2021	23-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 155,25 euros
550/2021	23-04-2021	Estimación alegacións presentadas expediente sancionador de tráfico
551/2021	24-04-2021	Contratación de servizo de asistencia técnica para a presentación telemática de documentación ante organismos públicos de natureza económica
552/2021	26-04-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 11.169,07 euros, así como o seu pagamento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

553/2021	26-04-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurin, POS + 2019", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 26.831,36 euros, así como o seu pagamento
554/2021	26-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SALM
555/2021	26-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: VMR
556/2021	26-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: GT
557/2021	26-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NPSO
558/2021	26-04-2021	Arquivar a declaración de ruína de edificación sita en Peirao, Bribes. Propiedade: herdeiros de JCR
559/2021	26-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras na parcela sita en Barral, parroquia de Bribes, consistentes nun pozo prefabricado de formigón colocado nunha das marxes da calzada do camiño público municipal 1c.1.0394; acopio de materiais diversos no interior da parcela, así como movementos parciais de terras no interior da parcela. Propiedade: MRR
560/2021	26-04-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, modificándose o proxecto de obra para a mellora da calidade da subministración de enerxía eléctrica no lugar de Drozo, parroquia de Cambre, ao que se concedeu licenza a través da resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras núm. 169/2021, do 8 de febreiro (expediente núm. 2015/U008/000033). Solicitante: UFD DE, SA
561/2021	26-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SVM
562/2021	26-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras na edificación sita en San Paio, Brexo, reformar a edificación existente; un zuncho de formigón visto nun parcial da base das fachadas da edificación, unha soleira de formigón, unha rampla de acceso, unha caixa de protección cun contador eléctrico no exterior do portal de acceso e unha caseta prefabricada de obras Propiedade : MJCC e MRR
563/2021	26-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de abril de 2021
564/2021	26-04-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de marzo de 2021, recoñecemento, liquidación de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de abril de 2021
565/2021	26-04-2021	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal relativos ao contrato menor "Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro"
566/2021	26-04-2021	Substitución de bomba de augas sucias marca DAB de acero inoxidable no CF Lendoiro A Barcala
567/2021	26-04-2021	Denegar a axuda aluguer por superar o importe máximo anual por unidade familiar. Solicitante: O AFC
568/2021	27-04-2021	Conceder a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar en Espiñeiro, Brexo Lema. Solicitante: OUC
569/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para ampliar e reformar unha vivenda en Nebrixe, Bribes. Propiedade de IMG
570/2021	27-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en Volteiro, Cecebre, consistentes en construción dun peche, un invernadoiro e reformar o baixo da vivenda existente. Propiedade: JMNC
571/2021	27-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras na parcela sita en Agra do Mero, Sigrás, consistentes na ampliación do acceso ao interior dela; reforma no interior da edificación (reforma de baño); Propiedade: MFF e BFV
572/2021	27-04-2021	Conceder a licenza de construción dun edificio de oito vivendas, locais comerciais, trasteiros e garaxes na parcela C-2 da U.E. nº 11 sita no Temple. Solicitante: CyVZ, S.L.
573/2021	27-04-2021	Conceder a licenza de obra para ampliación de vivenda unifamiliar en Torre, Andeiro. Solicitante: M ^a LRS
574/2021	27-04-2021	Acondicionamento camiños e fincas por finca con maleza en Muiño Vello, Pravio. Propiedade: MIBE
575/2021	27-04-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2021 por importe de 8.432,91 euros
576/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para a ocupación da vía pública cunha terraza durante o ano 2021 fronte á xamonería situada na rúa Estanque, O Temple. Solicitante: M ^a delMPPM
577/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para a ocupación de dominio público cunha terraza fronte ao café bar sito na praza de Manuel Lugris, parroquia do Temple. Solicitante: GST
578/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte á cafetería situada na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: MdeC, S.L.
579/2021	27-04-2021	Conceder a licenza a para instalar unha de terraza consistente en 6 mesas e 4 cadeiras por mesa durante o ano 2021 fronte ao local de hostalería situado na rúa Castellana, Cambre. Solicitante: CPM
580/2021	27-04-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
581/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao café-bar situado na praza de Manuel Murguia, parroquia do Temple. Solicitante: NyR, C.B.
582/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2021 fronte ao local sito na rua Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: CLC
583/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza fronte a cervexaría situada na rúa Constitución, parroquia do Temple. Solicitante: AA, S.C.
584/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: P, S.L.
585/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao café-bar situado na rúa Pígara, parroquia do Temple. Solicitante: JPT
586/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: O, S.C.
587/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local situado na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple. Solicitante: DANM
588/2021	27-04-2021	Conceder a licenza para instalar unha terraza durante o ano 2021 fronte ao local sito na rúa Anxel Fole, parroquia do Temple. Solicitante: AK, S.L.
589/2021	27-04-2021	Desestimación recurso expediente sancionador tráfico
590/2021	28-04-2021	Acondicionamento camiños e fincas por existencia de maleza en finca sita en Freixo, Cela invadindo camiño público. Propiedade: JFVS, MMLFe JAPV
591/2021	28-04-2021	Reposición legalidade urbanística por execución de obras de construción de rampla de acceso a finca sita na Xira, Sigrás non incluídas na comunicación previa presentada. Propiedade: LMAS e M SM
592/2021	28-04-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada por M ^a BPC para a instalación dunha caseta metálica na finca sita no lugar do Drozo, parroquia de Cambre
593/2021	28-04-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada por UFD DE, SA, para executar unha canalización de 26 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para usos agrícolas á finca sita no lugar de Pena da Nosa Señora, parroquia de Cambre
594/2021	28-04-2021	Renuncia á licenza para rehabilitación integral de vivenda unifamiliar en Altamira, Anceis promovida por JMVF
595/2021	28-04-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Corgo, Santa M ^a de Vigo. Solicitante: MBC
596/2021	28-04-2021	Solicitud de subvención para a contratación de persoas en risco de exclusión social perceptoras da RISGA, para o ano 2021 (procedemTR351F)
597/2021	28-04-2021	Contrato menor da coordinación da seguridade e saúde para a obra de instalación dun circuíto físico-deportivo anexo al campo de fútbol Dani Mallo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

598/2021	28-04-2021	Inscripción no RMAV da entidade COORS F.S.
599/2021	28-04-2021	Corrección da resolución núm. 560/2021, do 26 de abril, do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras
600/2021	28-04-2021	Solicitud de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e a Xunta de Galicia, no exercicio de 2021 (TR351A).
601/2021	28-04-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 1 metro lineal para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Quintán, núm. parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD DE S.A.
602/2021	28-04-2021	Recurso de reposición interposto por CFR ante resolución de denegación da subvención ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas, Programa Consolida Cambre 2020
603/2021	28-04-2021	Recurso de reposición interposto por JCM en representación de C SLU, ante resolución de denegación da subvención PEL Reactiva
604/2021	29-04-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de abril de 2021
605/2021	29-04-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por JMPL para a reparación da cuberta do alpendre existente na finca sita no lugar do Castro, parroquia de Bribes
606/2021	29-04-2021	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución de dous apoios sitios no lugar de Altamira, parroquia de Anceis, co fin de adecuar a liña eléctrica de baixa tensión aérea para posibilitar a instalación de fibra óptica sobre as súas instalacións. Solicitante: UFD DE, S.A.
607/2021	29-04-2021	Solicitud subvención Proxecto anual servizos sociais comunitarios municipais 2021
608/2021	29-04-2021	Denegar a axuda aluguer por estar o recibo xa pagado. Solicitante: MALP

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Autos Iglesias, S.L.* adxudicataria da "Subministración polo sistema de "renting" de dous vehículos patrulla para o uso da Policía local de Cambre". Expediente 2014/C005/000001
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Automoviles Sigras-Carral, S.A.* adxudicataria do "Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo concello de Cambre". Expediente 2015/C004/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Autos Iglesias, S.L.* adxudicataria da “Subministración polo sistema de “renting” de dous vehículos patrulla para o uso da Policía local de Cambre”. Expediente 2014/C005/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 11 de xullo de 2014, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Autos Iglesias, S.L.* para a “Subministración polo sistema de “renting” de dous vehículos patrulla para o uso da Policía local de Cambre”. Expediente 2014/C005/000001

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval bancario depositado na Tesourería municipal con data 20/06/2014 por importe de 3.437,74 euros con núm. de rexistro 589.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo oficial de policía local, con data do 14 de abril de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 30/04/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 298 do (TRLCS) Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Autos Iglesias, S.L.*”, con CIF B2701**** e enderezo no barrio de Fervedoira, s/n baixo, 27003 Lugo, no expediente número 2014/C005/000001, para a “Subministración polo sistema de “renting” de dous vehículos patrulla para o uso da Policía local de Cambre”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Automoviles Sigras-Carral, S.A.* adxudicataria do “*Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo concello de Cambre*”. Expediente 2015/C004/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 14 de xullo de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Automoviles Sigras-Carral, S.A.* para o “*Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo concello de Cambre*”. Expediente 2015/C004/000003

Visto que no antedito expediente depositouse en metálico na Tesourería municipal unha garantía definitiva por importe de 3.991,73 euros, con número de rexistro 616, de data 19/06/2015, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 26 de marzo de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 03/05/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSF), polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Automoviles Sigras-Carral, S.A.*”, con CIF A1500.... e enderezo na Avenida de Almeiras, nº3, 15180, Culleredo, A Coruña, no expediente número 2015/C004/000003, para o “*Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo concello de Cambre*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia